



CERTIFICACIÓN

Rocío Hermida Cancela, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que o día 03-03-2022 ditouse a Resolución de Alcaldía 215/2022 cuxo contido deseguido transcribo:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE MALEZA E DESBROCE DE BIOMASA NOS NÚCLEOS, PISTAS E PARCELAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CEE. EXPEDIENTE Nº: 2022/C004/000001.

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000269

ANTECEDENTES:

Resultando que se levou a cabo a tramitación do expediente de referencia, onde constan os seguintes documentos preceptivos:

Retención de Crédito.
Informe insuficiencia de medios materiais e persoais.
Memoria xustificativa da contratación.
Estudo de Costes.
Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
Prego de Precricións Técnicas e ANEXOS.
Informe xurídico emitido pola Secretaria Municipal en data 3 de marzo de 2022.
Informe de fiscalización emitido pola Sra Interventora Municipal en data 3 de marzo de 2022.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, literalmente di:

“1. Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente.

Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes jerárquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante.

2. En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite.

Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.”

Visto que a próxima Xunta de Goberno Local celebrarase o próximo 15 de marzo de 2022, sendo necesario aprobar o expediente para súa licitación, adxudicación e formalización antes de maio de 2022, é imprescindible avocar a competencia a efectos indicados.



No uso das atribucións que me outorga a lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en relación á aprobación do expediente de contratación Nº 2022/ C004/000001, polos motivos indicados na parte expositiva.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación núm. 2022/C004/000001: Contratación do servizo de limpeza de maleza e desbroce de biomasa nos núcleos, pistas e parcelas municipais do Concello de Cee.

TERCEIRO.- Aprobar o PCAP e PPT que rexerán na contratación.

CUARTO.- Proceder á publicación en PLACE desta licitación.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electronicamente]"

Para que conste, asino a presente certificación co visto e praxe da Alcaldesa.

En CEE, xoves 3 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente á marxe.